



## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE MAIO DE 2019**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1442/2018.- SANTIAGO CRUCES DOMÍNGUEZ.-** Conceder licenza para executar as obras de reforma dunha vivenda unifamiliar na rúa do Combarro nº 64.

**LIC/1489/2018.- METROVACESA, S. A.-** Conceder licenza para executar as obras de construción dun edificio para 34 vivendas, prazas de garaxe, trasteiros e local sen uso na rúa Manuel Beiras.

**LIC/1113/2018.- FRANCISCO JAVIER FERRER LOJO.-** Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de vivenda e reestruturación de construcións auxiliares na rúa Poza de Bar nº 52.

**LIC/1823/2018.- COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO.-** Conceder licenza para executar obras de rehabilitación parcial da cuberta da edificación situada na rúa Travesa, 13.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na rúa Polonia, 29 (parcela 84 do SUNP-37 -1º SECTOR). LIC/1647/2018.** Apróbase a proposta.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma dunha vivenda unifamiliar na rúa do Combarro nº 64. LIC/1442/2018.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dun edificio para 34 vivendas, prazas de garaxe, trasteiros e local sen uso na rúa Manuel Beiras. LIC/1489/2018.** Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación de vivenda e reestruturación de construcións auxiliares na rúa Poza de Bar nº 52. LIC/1113/2018.** Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de rehabilitación parcial da cuberta da edificación situada na rúa Travesa, 13. LIC/1823/2018.** Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á resolución dos recursos de reposición presentados contra o acordo de aprobación do Proxecto de reparcelamento dunha unidade de actuación situada na marxe sur da Rúa Eduardo Pondal.** Apróbase a proposta.

**7 a 17.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre actividades económicas, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no IBI.** Apróbase a proposta.

- 18.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención do IBI.** Apróbase a proposta.
- 19.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.
- 20.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación dunha exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.** Apróbase a proposta.
- 21.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo da sesión de data 29.3.19, de concesión de bonificación no IIVTNU.** Apróbase a proposta.
- 22.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas en concepto de saneamento e depuración de augas residuais, subministro de auga e conservación de contadores e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.** Apróbase a proposta.
- 23.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto técnico de adecuación da instalación eléctrica da piscina e o ximnasio de Santa Isabel.** Apróbase o proxecto técnico de adecuación da instalación eléctrica da piscina e o ximnasio de Santa Isabel, cun orzamento máximo de execución de 94.025,81 euros, e un prazo de execución de catro semanas
- 24.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á autorización á ASOCIACIÓN VALENTES, do uso do estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II para unha concentración de escolas de RUGBY.** Acórdase autorizar o uso do estadio Verónica Boquete de San Lázaro a favor da Asociación Deportiva Valentes para a organización dunha concentración de escolas de rugby programada para o sábado 25 de maio, en horario de 8.00 a 18.00 horas, e na que está prevista a participación de 450 nenos e nenas de entre 6 e 14 anos, pertencentes a clubs galegos e portuguesas.
- 25.- Recoñecemento de obrigas por convalidación de gastos de contratos menores.** Apróbase a proposta.
- 26.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Festas relativa á aprobación do expediente "Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos das Festas do Apóstolo 2019 da cidade de Santiago de Compostela"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 260.000 euros, IVE incluído.
- 27.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o PATRONATO DA CASA DA TROIA 2019.** Apróbase o convenio, que supón a achega municipal de 3.600 euros.
- 28.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o MUSEO DO POBO GALEGO 2019.** Apróbase o convenio, que supón a achega municipal de 30.000 euros.
- 29.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a asociación cultural CIDADE VELLA 2019.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.
- 30.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e o ATENEO DE SANTIAGO 2019.** Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.
- 31.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a asociación de animación sociocultural e tempo libre CIRCONOVE.** Apróbase o convenio, que ten como

obxectivo a realización dun programa de exhibición das disciplinas circenses na rúa do 1 de maio ao 30 de setembro, e que non implica gasto para as arcas municipais.

**32.- Propostas das concelleiras delegadas de Políticas Sociais e de Igualdade relativas á aprobación de diversos convenios con entidades e asociacións de carácter social.**

Apróbanse os seguintes convenios e polas contías indicadas:

- \_Centro cultural social Juan XXIII de Santiago: 60.000 euros
- \_Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home; 45.000 euros
- \_Médicos del Mundo: 10.000 euros
- \_USC-Oficina de Igualdade: 11.000 euros

**33.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do texto do acordo entre o concello de Santiago e COMPOSTELA SOLIDARIA para a implementación do proxecto educativo para persoas adultas: Escola de segunda oportunidade.** Apróbase o texto do acordo, que non supón obrigas económicas para o Concello.

**34.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á autorización da cesión do uso dun inmovible municipal sito en Fontiñas, a Cáritas Interparroquial para o programa de apoio a familias monoparentais e en especial protección "Abeiro".** Apróbase a proposta.

**35.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á autorización da cesión do uso dun inmovible municipal sito en Fontiñas, á asociación ARELA para o programa comunitario "CAIXAPROINFANCIA".** Apróbase a proposta.

**36.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a deputación provincial da Coruña para cofinanciar o sostemento do Centro Cívico e Xuvenil do Ensanche durante 2018.** Dáse conta do convenio, polo que a Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do Centro Cívico e Xuvenil do Ensanche cunha achega máxima de 144.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 78,544 por cento do gasto total.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación dunha solicitude de axudas á Axencia de Turismo de Galicia para as actividades de apoio, promoción e difusión da Semana Santa de 2019.** Apróbase a solicitude dunha axuda por importe de 4.435,64 euros ante a Axencia de Turismo de Galicia, ao abeiro da convocatoria de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia.

**2.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aceptación da concesión dunha subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación temporal de persoas desempregadas, correspondente ao exercicio de 2019.** Acéptase a subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, por importe de 266.700,87 euros para a contratación de vinte persoas traballadores e traballadoras.

**3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento, e Obras para o Equilibrio Territorial, relativa á aprobación do proxecto corrixido para a Posta en valor do entorno residencial (Camiño Inglés) e do acceso ao conxunto parroquial de Santa André da Barciela, e a súa inclusión dentro do POS+ Adicional 2018.** Apróbase o proxecto corrixido, cunha redución do orzamento de execución da contrata de 3.349.09 euros, para quedar en 181.954,67 euros. Acórdase comunicar á Deputación a súa inclusión no POS + adicional 2018.

**4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación de concesión de uso privativo do dominio público municipal para a explotación da cafetería sita no parque da Granxa do Xesto.** Acórdase a aprobación do expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un canon mínimo anual a abonar ao Concello de 4.964,40 euros, non suxeito a IVE.

**5.-Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á adhesión do Concello de Santiago ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da Historia Social única Electrónica (HSUE) nos Servizos Sociais Comunitarios Municipais. Apróbase a proposta.**

**6.-Proposta do concelleiro delegado de Persoal en funcións relativa á subscrición da póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados e empregadas municipais do Concello de Santiago.** Acórdase prorrogar a póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados e empregadas municipais subscrita con Markel Internacional Insurance Company LTD polo prazo dun ano, a contar desde o 11 de maio de 2019.

**7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na parcela municipal EQ1 no parque empresarial da Sionlla e a súa adxudicación á empresa Eulogio Viñal.** Apróbase o proxecto modificado por un importe de 409-917,57euros, IVE incluído, e a súa adxudicación á empresa Eulogio Viñal, contratista da obra principal.

**8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á modificación do contrato formalizado coa empresa SCI para a incorporación ao mesmo das prestacións consistentes na colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores derivados das infraccións en materia de medio ambiente e servizos comunitarios.** Apróbase a modificación do contrato, que conta cun gasto máximo aprobado para a anualidade 2019 de 676.566,66 euros que non sufrirá variación. O contratista retribuirase cunha porcentaxe do 26,8 por cento do importe de todos os cobros realizados en período voluntario de pagamento. Os efectos da modificación retrotraeranse aos expedientes sancionadores iniciados a partir do 30 de xaneiro de 2019.